

## A morte e os endemoñados en 'La Hija del Mar' de Rosalía de Castro

Xosé Otero Canto, 3 de abril de 2026

<https://www.galiciadigital.com/opinion/opinion.39155.php>

Lorenzo, o mariñeiro que atopara encima dunha pena a Esperanza, cando esta era nena do berce, abandonada e logo traída e criada por Teresa canda Fausto, fillo de Lorenzo, que agora está moribundo e tendido na area da praia e ao que Esperanza bica nas súas mans e logo acaricia, pero Fausto está morto e os pescadores e mariñeiros de Muxía coidan que morreu endemoñado, de aí que non poida entrar na igrexa e haxa que tiralo ao mar porque non vaia ser que lles bote "un mal de ollo" a eles e aos seus fillos e ademais de todos os males, o mar non devolve nunca o corpo dos endemoñados, segundo unha crenza que Rosalía recolle neste libro; por iso han de levalo para a cabana deshabitada de Teresa, para que ninguén o saiba. Os mariñeiros falan de Esperanza, que como amiga de Fausto tamén debe estar endemoñada, por iso hai que marchar da súa cabana porque pode botarlles "o alento dos defuntos", segundo o cal, cada un ten que facer o mesmo có outro, pasando o alento duns a outros, se é que non hai no lugar "Tres Marías" que vaian de noite a demandar ao corpo do defunto a última vida que levase.

Esperanza chega á ermida de san Roque, á que non pode entrar o corpo de Fausto, e ve unha misteriosa procesión diante da ermida, axeonllándose os homes que sacan dunha xerra negra e un ramiño de oliveira co que zarrapican un branco envoltorio, supoñemos que con auga bendita. Aquilo semella un conxuro de endemoñados, unha xuntanza diabólica entre as luciñas bambeantes dos farois e un rezo ronco e triste no medio dun silencio sepulcral para logo volver a coller o vulto branco co cadáver de Fausto e seguir o camiño da praia para depositalo enriba dun dos máis altivos penedos, non sen antes poñerlle unha estola encima do branco fardo e alí o seu pai, Lorenzo, deulle a derradeira aperta e Esperanza abalanzouse sobre o cadáver mentres todos gritaban "Misericordia". Entre tanto, Esperanza cruza o areal ríndose cunhas gargalladas propias do Romanticismo, gustoso de mesturar a risa co pranto ao mesmo nivel de contrarios que nos incitan nas vivencias máis opostas deste "vallis lacrimarum".